

EGAP: CONVOCATORIA ACTIVIDADES FORMATIVAS COMPETENCIA DIXITAIS

Santiago de Compostela 04/04/24

Publicada hoxe, en DOG, a [Resolución pola que se convocan actividades formativas do marco galego de competencias dixitais ComDix.](#)

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos das persoas participantes:

Poderá participar:

- O persoal empregado público destinado en:
 - Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Entidades públicas instrumentais.
 - Administración institucional.
 - Administración de xustiza.
 - Entidades locais.
 - Administración e servizos (PAS) das universidades do SUG.
- Que se encontre en:
 - Situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.
- Está exceptuado:
 - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades.
 - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
 - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.
- Para poder participar no curso “De Codix a ComDix iniciación”, deberá disporse previamente da certificación Codix.

Datas e lugares de realización:

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen no anexo II desta resolución.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes:

- **Prazo solicitudes: dende o 5 ata o 12 de abril.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo: <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as **9.00 horas** da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 14:00 horas** da **data de finalización**.
- **Número máximo de cursos que se poden solicitar: 2, máis o curso ComDix iniciación 0: Empezamos!**

